- Exploración das posibilidades expresivas e comunicativas do propio corpo (cara, postura, ton, xestos...) en actividades individuais e grupais libres de prexuízos e estereotipos sexistas.
- Uso do baile e da danza como medios de expresión.
- Respecto cara ás producións alleas.
- Aproximación ao uso de aplicacións e ferramentas dixitais con distintos fins: creación, comunicación, aprendizaxe e gozo.
- Uso saudable e responsable das tecnoloxías dixitais.

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	NATURA	280

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>
CA1.1 - Establecer distintas relacóns entre os obxectos a partir das súas calidades ou atributos mostrando curiosidade e interese.	Discrimina os obxectos segundo os seus atributos.	
CA1.3 - Identificar e asociar as cantidades cos seus números e grafías nas actividades cotiás empregando o cálculo como fonte de información.	.Fai asociacións dalgúns números e grafías.	
CA1.3 - Recoñecer as percepcións sensoriais proprioceptivas e exteroceptivas captadas a través dos sentidos verbalizando as sensacións que producen	É quen de identificar diferentes sensacións a través dos sentidos.	
CA1.7 - Identificar as situacóns cotiás nas que é preciso medir e cuantificar utilizando o corpo ou outros materiais e ferramentas para efectuar as medidas.	É quen de medir e cuantificar empregando o propio corpo ou materiais cotiás.	
CA2.3 - Participar en contextos de xogo dirixido e espontáneo axustándose ás súas posibilidades persoais.	É quen de axustar as súas posibilidades nas situacóns de xogo.	TI
CA2.4 - Expor hipóteses acerca do comportamento de certos elementos ou materiais verificándolos a través da manipulación e da actuación sobre eles.	É quen de formular hipóteses e establecer relacóns de causa efecto.	
CA2.7 - Participar en proxectos empregando dinámicas e estruturas cooperativas, compartindo e valorando opinións propias e alleas e expresando conclusóns persoais a partir delas.	Participa e coopera en proxectos de aula valorando as súas opinións e as dos demás.	
CA3.1 - Mostrar unha actitude de respecto e coidado e protección cara ao medio natural e os animais identificando o impacto dalgunhas accións humanas sobre el.	Amosa unha actitude de respecto polo medio natural e os seres vivos.	

Criterios de avaliação	Mínimos de consecución	IA
CA3.4 - Descubrir e recoñecer os elementos máis identificativos do patrimonio natural, tanto da contorna coma da comunidade.	Recoñece os elementos naturais más significativos da súa contorna.	
CA3.4 - Realizar actividades relacionadas co autocoidado e co coidado da contorna con actitude de respeito e mostrando autoconfianza e iniciativa.	Ten iniciativa polo coidado de sí mesmo e da contorna.	
CA3.6 - Valorar a necesidade de coidar e de respectar os seres vivos.	Amosa unha actitude de respeito polo medio natural e os seres vivos.	
CA4.4 - Producir diferentes textos individualmente ou en grupo, con escritura convencional ou non, con propósitos e intencións diferentes: recoller e transmitir información, gozož	Participa en actividades onde se emprega a lingua escrita para transmitir mensaxes e información de xeito guiado.	
CA4.5 - Elaborar de forma escrita mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, corporal e oral), indagando nas posibilidades comunicativas que ofrecen as transferencias entre elas.	É capaz de expresarse de xeito escrito, empregando signos e palabras coñecidas, a partir de creacións feitas noutras linguaxes.	
CA5.1 - Identificar algunha das características textuais e paratextuais mediante a indagación acompañada en textos de uso social libres de todo tipo de prexuízos e estereotipos.	É quen de identificar e diferenciar palabras segundo as súas características	
CA6.2 - Interpretar propostas dramáticas e musicais utilizando e explorando diferentes instrumentos, recursos ou técnicas.	Participa en actividades dramáticas e musicais utilizando instrumentos, recursos e técnicas.	
CA7.2 - Elaborar creacións plásticas explorando e utilizando diferentes materiais e técnicas e participando activamente no traballo en grupo.	Realiza creacións plásticas empregando diferentes materiais e técnicas con interese	
CA7.3 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións plásticas, artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	Realiza creacións plásticas onde reflexa a súa imaxinación, ideas e emocións.	
CA7.4 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	Expresa a súa opinión de xeito guiado sobre unha manifestación artístico nunha situación de intercambio comunicativo.	
CA7.5 - Valorar as producións dos demás de forma crítica, respectuosa e empática.	Amosa unha actitude crítica e respectuosa ante as producións dos demás.	
CA8.1 - Explorar as posibilidades expresivas do corpo a través da dramatización e da danza.	Participa con interese en danzas e dramatizacíons.	
CA8.3 - Valorar as producións dos demás de forma crítica, respectuosa e empática.	Amosa unha actitude crítica e respectuosa ante as producións dos demás.	
CA9.1 - Interactuar de maneira virtual familiarizándose co uso de diferentes medios e ferramentas dixitais.	Fai algunha aportación de xeito guiado nas situacións virtuais de intercambio comunicativo.	
CA9.2 - Interpretar as mensaxes transmitidas mediante representacións ou manifestacións artísticas, ou en formato dixital, reconecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable.	Fai algunha aportación de xeito guiado nas situacións virtuais de intercambio comunicativo.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

## Contidos

- Obxectos e materiais. Interese, curiosidade e actitude de respecto durante a súa exploración.
- Emprego de cuantificadores básicos contextualizados.
- Uso funcional dos números na vida cotiá. Cantidade, número e graffía. Situacións nas que se fai necesario medir.
- Coñecemento do corpo e da contorna a través dos sentidos e das súas funcións. Implicacións da discapacidade sensorial ou física na vida cotiá.
- Modelo de control de variables. Estratexias e técnicas de investigación: ensaio-erro, observación, experimentación, formulación e comprobación de hipóteses, realización de preguntas, manexo e procura en distintas fontes de información.
- Estratexias para propoñer solucións: creatividade, diálogo, imaxinación e descubrimento.
- O xogo como ferramenta de exploración persoal.
- Relacións causa-efecto na manipulación de obxectos.
- Experimentación de accións cos elementos naturais: auga, terra, aire. Características e comportamento (peso, capacidade, volume, mesturas ou transvasamentos).
- Valoración da necesidade de desenvolverse en espazos saudables identificando as condicións que os caracterizan. Colaboración no mantemento de ambientes limpos e ordenados.
- Hábitos e prácticas sostibles e ecosocialmente responsables relacionadas coa alimentación, coa hixiene, coa actividade física, co descanso, co autocoidado e co coidado da contorna.
- Os seres vivos e as súas características.
- Respecto e protección do medio natural. Respecto polo patrimonio cultural presente no medio físico.
- Identificación dos usos sociais e das funcións da lectura e da escritura: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.
- Creación de textos escritos en diferentes soportes. Outros códigos de representación gráfica: imaxes, símbolos, números,
- Dominio progresivo do trazo a través da grafomotricidade como medio de expresión e comunicación.
- Identificación e representación de palabras e frases escritas moi significativas e usuais.
- Interese pola producción de mensaxes empregando a lingua escrita en situacións contextualizadas.
- Achegamento a textos literarios orais e escritos con contido libre de prexuízos, co fin de contribuír a desenvolver valores sobre cultura de paz, dereitos da nena e do neno, igualdade de xénero e diversidade funcional étnico-cultural.
- A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á literatura.
- Escoita atenta de narracións e instrucións lidas por outras persoas.
- Discriminación de sons e identificación da fonte sonora.
- Exploración das posibilidades sonoras, expresivas e creativas da voz e do corpo.
- Utilización de sons para a interpretación e a creación musical.
- Achegamento a propostas musicais en distintos formatos: escoitar, cantar, bailar e tocar.
- Aprecio da escoita musical como fonte de gozo.
- Respecto polas producións alleas.

## Contidos

- Exploración das posibilidades plásticas e creativas de distintos materiais específicos e inespecíficos.
- Aproximación aos elementos básicos da expresión plástica, técnicas e procedimentos.
- Respecto cara ás producións alleas.
- Planificación da acción en producións plásticas.
- Achegamento a diferentes formatos e soportes de expresión plásticos e visuais.
- Exploración das posibilidades expresivas e comunicativas do propio corpo (cara, postura, ton, xestos...) en actividades individuais e grupais libres de prexuízos e estereotipos sexistas.
- Uso do baile e da danza como medios de expresión.
- Respecto cara ás producións alleas.
- Aproximación ao uso de aplicacions e ferramentas dixitais con distintos fins: creación, comunicación, aprendizaxe e gozo.
- Uso saudable e responsable das tecnoloxías dixitais.

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
3	ATELIER	280

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>
CA1.3 - Expressar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	Realiza creacións artísticas onde reflexa a súa imaxinación.	
CA2.1 - Identificar e manifestar os propios sentimientos, vivencias, emocións e comprender as dos demás.	É quen de manifestar os seus propios sentimientos e respectar os dos demás.	
CA5.5 - Expressar gustos, preferencias e opiniós sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	Expresa a súa opinión de xeito guiado sobre unha manifestación artístico nunha situación de intercambio comunicativo.	
CA6.4 - Expressar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	Realiza creacións artísticas e culturais onde reflexa a súa imaxinación.	TI
CA6.5 - Expressar gustos, preferencias e opiniós sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	Expresa a súa opinión de xeito guiado sobre unha manifestación artístico nunha situación de intercambio comunicativo.	
CA6.6 - Interpretar musicalmente mensaxes expresadas noutras linguaxes (oral, plástica, gráfica, escrita e corporal), indagando nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre elas.	É quen de expresarse musicalmente, empregando a voz e instrumentos musicais, a partir de creacións feitas noutras linguaxes.	
CA7.2 - Elaborar creacións plásticas explorando e utilizando diferentes materiais e técnicas e participando activamente no traballo en grupo.	Realiza creacións plásticas empregando diferentes materiais e técnicas con interese	

<b>Criterios de avaliação</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>
CA7.3 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións plásticas, artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	Realiza creacións plásticas onde reflexa a súa imaxinación, ideas e emocións.	
CA7.4 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	Expresa a súa opinión de xeito guiado sobre unha manifestación artístico nunha situación de intercambio comunicativo.	
CA7.5 - Valorar as producións dos demás de forma crítica, respectuosa e empática.	Amosa unha actitude crítica e respectuosa ante as producións dos demás.	
CA8.1 - Explorar as posibilidades expresivas do corpo a través da dramatización e da danza.	Participa con interese en danzas e dramatizáns.	
CA8.3 - Valorar as producións dos demás de forma crítica, respectuosa e empática.	Fai achegas de xeito guiado sobre as interpretacións dos demás de xeito respetuoso.	
CA9.1 - Interactuar de maneira virtual familiarizándose co uso de diferentes medios e ferramentas dixitais.	Fai algunha aportación de xeito guiado nas situacións virtuais de intercambio comunicativo.	
CA9.2 - Interpretar as mensaxes transmitidas mediante representacións ou manifestacións artísticas, ou en formato dixital, reconhecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable.	Fai algunha aportación de xeito guiado nas situacións virtuais de intercambio comunicativo.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Repertorio comunicativo e elementos da comunicación non verbal.</li> <li>- Convencións sociais do intercambio lingüístico en situacións comunicativas que potencien o respecto e a igualdade: atención, escucha activa, quendas de diálogo e alternancia.</li> <li>- Identificación, verbalización e expresión de sentimientos, emocións, vivencias, preferencias e intereses propios e das demás persoas.</li> <li>- Acheagamento a textos literarios orais e escritos con contido libre de prexúzos, co fin de contribuír a desenvolver valores sobre cultura de paz, dereitos da nena e do neno, igualdade de xénero e diversidade funcional étnico-cultural.</li> <li>- A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á literatura.</li> <li>- Escucha atenta de narracións e instrucións lidas por outras persoas.</li> <li>- Exploración das posibilidades sonoras, expresivas e creativas da voz e do corpo.</li> <li>- Acheagamento a propostas musicais en distintos formatos: escuchar, cantar, bailar e tocar.</li> <li>- Aprecio da escucha musical como fonte de gozo.</li> <li>- Respeito polas producións alleas.</li> <li>- Exploración das posibilidades plásticas e creativas de distintos materiais específicos e inespecíficos.</li> <li>- Aproximación aos elementos básicos da expresión plástica, técnicas e procedementos.</li> <li>- Respeito cara ás producións alleas.</li> </ul>

## Contidos

- Planificación da acción en producións plásticas.
- Acheamento a diferentes formatos e soportes de expresión plásticos e visuais.
- Exploración das posibilidades expresivas e comunicativas do propio corpo (cara, postura, ton, xestos...) en actividades individuais e grupais libres de prexuízos e estereotipos sexistas.
- Uso do baile e da danza como medios de expresión.
- Respecto cara ás producións alleas.
- Aproximación ao uso de aplicacións e ferramentas dixitais con distintos fins: creación, comunicación, aprendizaxe e gozo.
- Uso saudable e responsable das tecnoloxías dixitais.

### 4.1. Concreciones metodolóxicas

O neno ten cen linguaxes, cen mans, cen pensamentos, cen formas de pensar, de xogar e de falar, cen sempre, cen formas de escoitar, de sorprender, de amar, cen alegrías para cantar e entender" ( Loris Malaguzzi).

A metodoloxía será activa, global e fundamentada e inspirada en diferentes correntes pedagóxicas ( Rebeca Wild, Montessori, Waldorf, Pistoia, Reggio Emilia, Escola Nova...) adaptándoa sempre á realidade da nosa aula e as necesidades do alumnado.

O que se pretende é ensinar aos nenos e nenas a "aprender a aprender" a través da súa propia acción, polo que non estruturaremos o coñecemento en unidades didácticas, senón en propostas e ambientes de aprendizaxe, pois isto conduciraos directamente a unha modificación dos seus esquemas de coñecemento. Polo tanto, a perspectiva globalizadora perfílarase coma a máis axeitada para que as aprendizaxes que os pequenos e pequenas realicen, sexan significativas.

Incidir na idea de que esta programación parte de considerar en todo momento ao alumnos e alumnas como seres globais e protagonistas activos do proceso de aprendizaxe, e seguindo esta liña, os principios metodolóxicos comprenderán:

- A concepción do neno e nena como protagonista: Os alumnos e alumnas considéranse como seres diferentes e singulares, que se relacionan cos demás de xeito diferente e que teñen diferentes habilidades.
- O mestre ou mestra é concibido como un acompañante de dito proceso.
- O espazo como axente educador promove as relacións: Ofrecer un espazo amable, será un factor fundamental para que o alumnado poda desenvolver a súa aprendizaxe e sentirse ben consigo mesmo. Existirá un orden implícito no deseño e organización dos materiais, xogos e espazos na escola. Cada espazo terá o seu propósito e identidade propia.
- O xogo será a principal actividade nesta idade: entendendo o xogo como aprendizaxe e o xogo libre como un dereito da infancia. posto que o aprendido a través da vivencia e do xogo é moito más efectivo e duradeiro xa que os nenos e nenas pasan a participar activamente no proceso de construcción do coñecemento.
- A documentación pedagógica: para coñecer mellor a evolución do alumnado, as súas necesidades e os seus intereses, recollerese diariamente notas escritas, grabacións, fotografías, etc;

Como, ademais, tanto o alumnado coma o profesorado ten que sentirse motivado a participar neste proceso de construcción, resultará básica a aportación do adulto e a súa intencionalidade de partir de intereses dos nenos e nenas, das súas propias propostas e motivacións, e artellar ó seu arredor as secuencias susceptibles de axudarles a aprender construtivamente.

Por outro lado, a escola é un espazo para o encontro e por iso débese proporcionar tamén, tempos e espazos para a participación de toda a comunidade, así pois, levaremos a cabo agrupamentos mixtos para a realización de actividades onde o alumnado estará agrupado por idades heteroxéneas.

Finalmente, contribuiremos ao desenvolvemento de tódalas competencias clave, fomentando o cultivo da creatividade, a sensibilidade e o pensamento crítico-científico a través de procesos investigativos próximos aos contextos significativos para ao alumnado.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Ferramentas tecnolóxicas: Ordenador de aula, tablet de aula, proxector, conexión a internet, robots (escornabot, ozobot), reproductor musical
Material funxible: convencionais e non convencionais.
Material sensorial: mesa de luz, bandexas para a escritura sensorial (area, fariña...)
Material visual: carteis, bits, láminas...
Biblioteca de centro, de aula, libros, contos, álbunes...
Material curricular: Curriculum, PE...
Material artístico: pinturas, plastilina, refugallo, teatro de sombras, luz negra, kamisibai, títeres...
Material de neuromotricidade: estruturas de gomaespuma, cordas, balóns, táboas de equilibrio...
Material non estruturado: de refugallo, elementos naturais, pezas soltas...
Material de xogo simbólico.
Comunidade educativa (alumnado, persoal docente e non docente, familias) e calquera que interveña na vida do centro (visitas, etc...)
Proporcionados pola contorna, nun amplo sentido: todo o que nos poida ofrecer no contexto que nos rodea (parques, biblioteca Concello, etc...)
Instrumentos musicais.

Os recursos en toda a súa amplitude, constitúen un elemento de primeira orde no desenvolvemento da acción educativa, xa que é usado nos distintos procesos de ensino aprendizaxe. Referímonos a todas aquelas cousas e seres que polas súas características de significatividade para o neno e a nena, serven para conseguir os obxectivos marcados na Educación Infantil.

### RECURSOS HUMANOS DO CENTRO.

As mestras titoras, e os mestres e mestras especialistas que imparten docencia, son o principal recurso humano na aula de Educación Infantil. Ademais, do resto de persoas do centro, grupo de iguais, familiares, etc.

### RECURSOS ESPACIAIS-TEMPORAIS.

Contamos con tres aulas que non contan con aseos adaptados ao alumnado nin con punto de auga, debendo acudir a un aseo externo compartido coas outras aulas de educación infantil e co alumnado de primaria nos tempos de lecer, están ubicados no fondo do corredor. O mobiliario está adaptado.

Son aulas amplas que permite deseñar distinto tipo de actividades atendendo ó criterio de agrupamento: grupo clase, pequenos agrupamentos por idades, parellas, individuais. En liñas xerais o espazo está diferenciado por diferentes ambientes de aprendizaxe: ambiente de palabras, ambiente de arte, ambiente de lóxica-matemática,, ambiente de natureza e ambiente de vida diaria ou xogo simbólico.

Segundo a Malaguzzi, consideramos o espazo como un terceiro educador, que potencia a autonomía e a autoxestión.

Outras dependencias do centro que son usadas aproveitando o seu potencial son:

No interior:

- A biblioteca, onde son organizadas actividades de animación á lectura e préstamo de fondos.
- A aula de música
- A aula de inglés
- Aula para neuromotricidade

No exterior:

- Educación Infantil conta cun espazo cuberto e un patio descuberto cunha zona de areeiro e horto escolar.
- Ximnasio

#### RECURSOS MATERIAIS.

- Sensoriais e creatividade: de distintos materiais, peso, cor, tamaño, cheiro, mesa sensoriais e mesas de experimentación con materiais sensoriais.
- Manipulación, observación e experimentación: mesa e bandexas de experimentación, pezas soltas (cunchas, paus, follas, cortiza, pedras, sementes,), caixas de creatividade, materiais de construcción (material de refugallo), experimentación (lupas, balanzas, espellos,).
- Pensamiento lóxico: material que desenvolva as habilidades lóxico matemáticas estruturados e non estruturados.
- Representación e simulación: disfraces, teas, bonecos, títeres...
- Linguaxe: grabadora, tarxetas de vocabulario, títeres...

Por outro lado, as mestras titoras deseñará o material que se utiliza acorde ás distintas invitacións, propostas ou provocacións didácticas tratadas, sendo de deseño propio ou adaptando o existente . Hai que incidir en que en todo caso, algúns materiais serán deseñados de forma conxunta no ciclo e outros atenden ás necesidades específicos de cada grupo aula.

#### RECURSOS TICS.

As aulas están dotada dun ordenador con conexión a internet e unha pizarra dixital.

#### RECURSOS COMUNITARIOS.

Segundo a filosofía do Proxecto Educativo de abrir o centro á comunidade, inclúese nesta programación aqueles recursos que consideramos que poden enriquecer o desenvolvimento integral do alumnado. Salientaremos:

- Familias, ás que se lles solicitará colaboración para desenvolver diversas actividades ao longo do curso.
- Outros: De xeito puntual convidaremos a distintas persoas de diversos ámbitos.

### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A técnica primordial de avaliação na Educación Infantil é a observación directa e sistemática. Hai tres momentos esenciais para a avaliação do proceso: avaliação inicial, avaliação formativa e avaliação final.

A avaliação inicial é aquela que levamos a cabo ó principio do curso escolar, ou ó principio de cada proxecto para coñecer que é o que saben os nenos e nenas e así poder adaptar a programación prevista.

A avaliação inicial, coa que obtemos información da situación de partida do neno ou nena, pode ser a principio de curso, dun proxecto..., pois esta concíbese como a recollida de datos que aporta unha visión actualizada e externa do alumnado e dos seus comportamentos, dos seus coñecementos, do período de adaptación. Levarase a cabo a través de:

- Observación directa, sistemática e rexistrada da participación do alumnado nas actividades e propostas didácticas.

- Análise das producións plásticas, escritas, musicáis, etc realizadas polo alumnado
- Información aportada polas familias ou titores legais na entrevista inicial.
- Diagnóstico do estado físico, emocional, coñecementos previos e limitacións de cada alumna e alumno

Suliñar o factor preventivo da avaliación inicial na atención á diversidade, tanto como medio para a identificación temprana das necesidades educativas como para proceder á aplicación das medidas que se consideren necesarias.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Criterios de cualificación:

Como xa foi indicado a metodoloxía a seguir non consiste en unidades didácticas, nas avaliacións prestarase atención aos seguintes criterios:

- Autonomía e autoxestión
- Resolución de conflitos
- Participación nas propostas e dinámicas grupais
- Linguaxes oral e artística
- Conduta e límites
- Creatividade

Os criterios de cualificación serán establecidos segundo o grado de consecución dos criterios en función da escala de estimación: con dificultade, en proceso, sen dificultade.

### Criterios de recuperación:

Non existen nesta etapa.

## 6. Medidas de atención á diversidade

A atención a diversidade establecése coma un principio fundamental que debe rexer todo o ensino, co obxectivo de proporcionar a todo o alumnado unha educación adecuada ás súas características e necesidades.

A lexislación educativa vixente, recolle a atención ao Alumnado con Necesidade Específica de Apoio Educativo (ACNEAE). Esta atención está dirixida ao Alumnado que presenta Necesidades Educativas Especiais, ao alumnado con altas capacidades intelectuais, ao alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe e ao alumnado con integración tardía no sistema educativo.

Asemade, faise unha mención específica á atención ao alumnado que presenta Trastorno por Déficit de Atención y/o Hiperactividade e pon énfase á compensación de Desigualdades en Educación, reforzando a acción do sistema educativo para evitar desigualdades derivadas de factores sociais, económicos, culturais, xeográficos, étnicos ou de outra índole.

Tendo en conta o Plan de Atención á Diversidade do centro, enmarcado no Proxecto Educativo, as medidas de atención á diversidade que se propoñen son:

### - MEDIDAS ORDINARIAS:

Definidas no Decreto 229/2011, do 7 de decembro, como todas aquelas que faciliten a adecuación do currículo prescritivo, sen alteración significativa dos seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación, ao contexto sociocultural dos centros educativos e ás características do alumnado.

Estas medidas teñen como finalidade dar resposta ás diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe, e están destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas nas diferentes ensinanzas. Entre estas medidas incluímos: a adecuación da estrutura organizativa do centro e da aula ás características do alumnado (horarios, agrupamentos e espazos), o uso

de metodoloxías baseadas no traballo cooperativo en grupos heteroxéneos, o aprendizaxe por proxectos e por ambientes, os programas de habilidades emocionais (Educación Responsable), a adaptación dos tempos e instrumentos de avaliación, o reforzo educativo e o apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.

- MEDIDAS EXTRAORDINARIAS:

Definidas no Decreto 229/2011, do 7 de decembro, como todas aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poden requerir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización. Aplicaranse unha vez esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren estas insuficientes.

No presente curso escolar, na aula de Educación Infantil A un alumno recibe unha sesión semanal de apoio do profesorado especialista en Pedagoxía Terapéutica; na aula de Infantil B dous alumnos e na aula de Infantil C dous alumnos tamén. En canto á Audición e Linguaxe, na aula de Educación Infantil A recibe apoio unha alumna; en Educación Infantil B dous alumnos reciben media sesión semanal de apoio do profesorado de Audición e Linguaxe e na aula de Educación Infantil C un alumno tamén recibe unha sesión semanal. As súas dificultades serán atendidas sen modificar os elementos prescriptivos do currículo.

Neste curso escolar incorporouse un alumno NEAE na aula de Infantil C. Presenta hemiplexia no lado dereito do corpo. Ademais do apoio que recibe na escola do profesorado PT e AL, asiste a dúas sesións de fisioterapia fóra do centro. Finalmente, hai que ter en conta que a atención á diversidade refírese ás necesidades de todos os alumnos e alumnas, non só daqueles que presentan necesidades de atención específica de apoio educativo, senón de todo o alumnado, xa que, cada alumno é único e ten necesidades persoais que o diferencian dos demais. Levarase a cabo unha atención individualizada e personalizada, atendendo aos ritmos e necesidades de cada un dos nenos e nenas para garantir unha educación de calidade e previr posibles problemas e dificultades. Se porá especial atención a finalidade preventiva, adaptando a práctica educativa ás características personais do alumnado, así como aos seus intereses e necesidades, e a consideración da diversidade como un valor, defendendo así un modelo inclusivo que potencie a metodoloxía baseada na diversidade , igualdade de oportunidades,e colaboración e tamén na cultura tecnolóxica e innovadora, aproveitando as posibilidades das TIC para o alumnado.

As medidas a levar a cabo ,serán tales como:

- Organizar o aula de forma accesible, adecuar tempos e rutinas en base ás súas necesidades fisiolóxicas, afectivas, curriculares e de movemento.
- Adecuar á programación didáctica, realizarase unha interpretación flexible do currículum axustada ao grupo clase e ao alumnado con NEAE.
- Utilizar metodoloxía colaborativa e cooperativa, seguindo as líñas marcadas no P.E. do centro, seguindo os principios do DUA e propoñendo diferentes medios de acceder á información, de expresarse e de motivar ao alumno.
- Adaptar os tempos, instrumentos e procedementos de avaliación, usando os que mellor se adapten ás características de éste alumnado.
- Aproveitar as posibilidades das TIC para todo tipo de alumnado utilizando diferentes apps para estimulación da linguaxe, o razonamento e la atención.
- Buscar de maneira continua interactuar co alumnado NEAE, estimulando a súa iniciativa e promovendo o interese por aprender.
- Transmitir a información de maneira clara, concisa e con frases/explicaciones cortas.
- Secuenciar as tarefas, incluso con referencias visuales como pictos e axendas.
- Traballar con axudas directas e demostracións (traballo de modelado e imitación).
- Deseñar propostas didácticas seguindo o modelo TEACCH
- Evitar tareas repetitivas sen interese para o alumnado, que poden facer aparecer conductas disruptivas ou inadecuadas, a non ser o caso de aqueles alumnos que polas súas necesidades facer este tipo de actividades para reforzar aprendizaxes e aportar seguridade.
- Primar o esforzo e non o resultado, intentando sempre aumentar a autoestima, adoitando un enfoque emocional nas actividades, tanto como medida preventiva da discriminación como medio para a valoración das diferencias.
- Ofrecer propostas onde o alumnado poida participar en base as súas capacidades levando a cabo propostas SEM para aquel alumnado que o necesite.
- Ofrecer sempre situacións de éxito, para ir aumentando a dificultade progresivamente.
- Intervir educativamente sempre dende un enfoque multidisciplinar: (titoría, DO, familia ou titores legais, servicios sanitarios, sociais,etc).

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Desenvolvemento afectivo e xestión emocional	X	X	X
ET.2 - Hábitos de control corporal	X	X	X
ET.3 - Educación Igualitaria e libre de estereotipos	X	X	X
ET.4 - Educación para o consumidor	X	X	X
ET.5 - Coidado da contorna e dos seres vivos	X	X	X
ET.6 - Pautas elementais de convivencia e relación social	X	X	X

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descripción	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Conmemoracións e festas	A comunidade educativa poderá planificar e participar en distintas celebracións ao longo do curso.	X	X	X
Visita de persoa experta	Nos proxectos invitaremos a algúm familiar, ou persoa experta para contar contidos relacionados coa temática a investigar.	X	X	X
Contacontos	Invitaremos ás familias a colaborar na rutina de aula no obradoiro de contacontos.	X	X	X
Saídas	Actividades lúdicas para descubrir a contorna.	X	X	X
Carreiras solidarias	As familias xunto co alumnado participarán nunha carreira para recoller fondos para os enfermos de leucemia.	X	X	X
Roteiros	Actividades saudables para descubrir a contorna.	X	X	X

### Observacións:

As actividades complementarias e extraescolares son unha peza clave no proceso construtivo do ensino. Responderán as demandas sociais de modo eficaz e proporcionarán, non só un incremento de calidade do ensino senón tamén de igualdade de oportunidades. Teñen por obxecto amplia-lo coñecemento e adquisición de hábitos que completen a formación do noso alumnado. Para o curso 2023/24 a proposta de actividades baseárase principalmente nas conmemoracións recollidas na orde do calendario escolar entre outras: día da paz, día do libro, semana das letras galegas, Magosto, Samaín, Cantar aos Reis, 25N, carreiras solidarias, contacontos, visita ao museo natural, día da candeloria, día de Rosalía, día da poesía, día da muller traballadora, Entroido...., e outras moitas que se puidesen programar ao longo do curso.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Os instrumentos de avaliación.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
A organización do espazo foi axeitada.
Os materiais foron suficientes e axeitados.
O tempo empregado foi suficiente.
Medidas de atención á diversidade
A práctica educativa atendeu ás necesidades.
Outros
A coordinación do equipo docente.

### Descripción:

Avaliarase, non só se os alumnos alcanzaron os obxectivos, contidos e capacidades previstas, senón tamén se os recursos, actividades, metodoloxía, temporalización... foron os axeitados. Empregaránse diversos rexistros de recollida de información para poder adaptar a práctica educativa ás características persoais, necesidades, intereses, estilos cognitivos, ritmos de aprendizaxes dos nenos e nenas a fin de mellorala constantemente.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Haberá un seguemento por parte da coordinación de ciclo, tendo en conta todas aquelas cuestións recollidas nas actas das reunións periódicas, nas reunións trimestrais, nas titorías..., para facer propostas de mellora.

## 9. Outros apartados